

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TRABALLO FIN DE ESTUDOS
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 , DO 29 DE OUTUBRO)
 CURSO ACADÉMICO 2023/24

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS									
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO			JAZZ	
CARÁCTER	OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE			INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	JAZZ				XEFE/A DE DPTO.			Marcelino Galán Pérez	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			Marcelino Galán Pérez	
CUADRIMESTRES					1º	2º	Horas de clase semanais:		Media hora individual á semana
ECTS/CUAD						10	Observacións:		O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, có que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo.
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	Marcelino Galán Pérez				marcelinogalan@edu.xunta.es			Mércores de 18.00 h a 19.00 h	
	Fernando Llorca Freire				fernandollorca@edu.xunta.es			Xoves de 19.30 h a 20.00 h	
	Iñigo Azurmendi Muñoa				azurmen@hotmail.com			Venres de 18.30 h a 19.30 h	
	Roberto Somoza Fachado				robertosomoza@hotmail.com			Martes de 20.00 h a 20.30h Xoves de 20.30 h a 21.00 h	
Alberto Conde de León				info@albertoconde.com			Mércores de 15.00 h a 16.30 h		



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O traballo fin de estudos esta relacionado, en maior ou menor medida, con todas as disciplinas do Grao Superior de Música
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro anexo III.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
<ul style="list-style-type: none"> Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos cursos, amosando a capacidade de adecuación ó formato establecido, e a busca, selección e referenciación das fontes empregadas. 	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.
<ul style="list-style-type: none"> Interpretar un concerto público que se reflecta de maneira práctica e efectiva a consolidación dos coñecementos prácticos e artísticos adquiridos ó longo das disciplinas cursadas. 	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10.



4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. EXERCICIO ESCRITO (Traballo académico e defensa do mesmo)	<ol style="list-style-type: none"> Desenvolvemento dun traballo académico, estruturado en diferentes apartados segundo o tema elixido. A temática do traballo poderá ser escollida entre diversos aspectos do repertorio elixido, do propio instrumento, ou de calquera temática relacionada coa especialidade de Interpretación-Itinerario Jazz. A temática proposta, deberá ser aprobada polo departamento de Jazz. Dito traballo académico deberá ter unha portada e un corpo cunha extensión mínima de 20 páxinas, tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos (5000 palabras). O traballo deberá conter un resumo de entre 100 e 350 palabras, en galego, castelán e unha tradución do mesmo a unha lingua estranxeira. O traballo, na súa redacción e elaboración, deberá axustarse ós parámetros que son xenéricos na realización de todo traballo académico, respectando sempre a presentación, redacción, estruturación e organización establecidas. Para a presentación e defensa oral do traballo, o alumno poderá axudarse de medios tecnolóxicos habituais, e disporá dun tempo máximo de 20 minutos na súa exposición, ó remate da cal o tribunal abrirá unha rolda de preguntas, apreciacións ou suxerencias de 10 minutos de duración máxima, incluíndo a quenda de respostas. 	10
2. INTERPRETACIÓN (Concerto público)	<ol style="list-style-type: none"> Posta en escena e interpretación das obras de repertorio. Desenvolvemento dun concerto no que se verán reflexados, polo menos, catro estilos do jazz do século XX ata a actualidade. Interpretación dun repertorio consonte estilísticamente co Itinerario de Jazz, cunha duración mínima de 45 minutos e máxima de 70 minutos (de ser así, o concerto poderá ter un breve descanso opcional) O repertorio a interpretar debera estar composto por un 70% de temas <i>standard</i>, xenuínos do repertorio do jazz e debidamente arranxados para a formación. O repertorio a interpretar debera estar composto por un mínimo de dúas composicións e un máximo dun 30% de temas compostos polo alumno, debidamente arranxados para a formación. 	10
TOTAL SESIÓNS:		20 *

* Variable dependendo das titorías solicitadas polo alumno e do número de alumnos que teña asignado cada titor, non excedendo de un número de 20 sesións.

CONSULTAR PUNTO 8: OBSERVACIÓNS

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Traballo organizativo, de investigación teórico-práctica, desenvolvemento e maquetación da parte escrita. Pescudas e desenvolvemento escrito do TFE. Exposición pública da parte teórica		55	55
Estudo práctico-individual e/ou ensaios do repertorio a interpretar no recital . Estudo pomenorizado das obras a interpretar, arranxos e correccións para o conxunto instrumental encargado da interpretación dos mesmos. Prácticas e desenvolvemento das técnicas para acadar as interpretacións e improvisacións adecuadas.		225	225
Titorías Ensaíos, probas públicas Consultas co profesor titor do TFE. Exposición e defensa do traballo académico Interpretación pública do concerto	20		20
TOTAL HORAS:			300

6. AVALIACIÓN				
TRABALLO ACADÉMICO (20% DA NOTA FINAL)				
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN		PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
EXERCICIO ESCRITO (Traballo académico e defensa do mesmo)	Estrutura (20%)	Formato e linguaxe: estilo formal e académico	10% (máx. 1 punto)	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16 X5, X8, X10, X13, X25 EI6
		Estrutura e apartados	10% (máx. 1 punto)	
	Contidos (50%)	Portada, Índice, resumo, tablas, gráficos, figuras, ilustracións	5% (máx. 0,5 puntos)	
		Tema: utilidade e relación co Itinerario	4% (máx. 0,4 puntos)	
		Introdución e Obxectivos	10% (máx. 1 punto)	
		Marco Teórico	10% (máx. 1 punto)	
		Marco metodolóxico	10% (máx. 1 punto)	
		Conclusións	7% (máx. 0,7 puntos)	
		Referencias bibliográficas	4% (máx. 0,4 puntos)	
	Exposición (30%)	Exposición de ideas, presentación, discurso	10% (máx. 1 punto)	
		Estruturación e formato da exposición	4% (máx. 0,4 puntos)	
		Dominio do contido	8% (máx. 0,8 puntos)	
		Comunicación co tribunal	8% (máx. 0,8 puntos)	
INTERPRETACIÓN (80% DA NOTA FINAL)				
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN		PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
INTERPRETACIÓN (Concerto público)	Técnica (50%)	• Técnica instrumental: articulación e son.	25 % (máx. 2,5 puntos)	T1, T2, T3, T6, T15, T16 X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25 EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10.
		• Execución rítmica: tempo e <i>swing</i> .	25 % (máx. 2,5 puntos)	
	Recursos (50%)	• Calidade interpretativa : linguaxe, dinámica, improvisación, acompañamento, interacción e comunicación.	25% (máx. 2,5 puntos)	
		• Control escénico, liderazgo, arranxos, plantexamento do repertorio e da formación.	15% (máx. 1,5 punto)	
		• Utilización de, polo menos, catro estilos no marco da historia do jazz, debidamente arranxados	10% (máx. 1 punto)	
<ul style="list-style-type: none"> O alumnado disporá de dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria, segundo calendario proposto ao efecto polo centro (consultar o Protocolo para o desenvolvemento do traballo fin de estudos do curso 2023/2024). 				



- Cualificarase de 0 a 10 cada ferramenta de avaliación (exercicio escrito e interpretación), e a suma das cualificacións ponderadas das dúas partes (20% e 80% respectivamente), será a cualificación do TFE (única e calculada a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos/as membros/as do tribunal presentes na sesión de cualificación). Deberá obter unha cualificación positiva (de polo menos un cinco), en cada un dos dous apartados (o traballo académico máis o concerto público) para poder superar o TFE. Cando entre as cualificacións outorgadas exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, quedando como cualificación, a puntuación restante.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. OBSERVACIÓNS

*** Para convocatorias, datas de realización do TFE e procedemento e fases, consultar o PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS CURSO 2023-24**

De xeito particular o departamento de Jazz acorda o seguinte:

1. Tras as o perido de traballo individual e as titorias pertinentes, o traballo escrito deberá estar rematado polo alumno e ser enviado ó titor para, se é o caso, proceder as súas derradeiras correccións, alomenos 3 semanas antes da data límite para a súa entrega física na secretaría e en formato dixital no correo electrónico da vicedirección do centro.
2. Os posibles cambios ou propostas de modificación no repertorio a interpretar serán valorados polo departamento só se son formulados con , alomenos, 3 semanas de antelación á data sinalada para a realización da primeira das dúas partes do T.F.E.
3. Se por motivos, que deberán ser debidamente xustificadas no informe pertinente dirixido ó tribunal, o titor non estivese conforme en absoluto có desenvolvemento final do traballo, e este non contase coa súa firma no proceso final de entrega na secretaría do centro, este poderá solicitar que se exclua o seu nome de dito traballo, comunicándoo de xeito xustificado ó alumno e á xefatura de estudos.
4. Na proposta do programa a interpretar deben constar os autores das obras , estilo, agóxica (indicacións metronómicas e/ou textuais propias do xénero estilístico), no que se interpretarán e a duración aproximada de cada unha. Calquera cambio posterior , nalgún destes puntos deberá ser aprobado polo departamento, sempre nas datas límite establecidas no punto 2.
5. A proba de interpretación desenvolverase, alomenos nun 80% da súa duración, cunha formación mínima de trío (saxofón, trompeta, trombón, piano ou guitarra, con contra baixo e/ou baixo eléctrico e batería e/ou percusión).
6. Calquera cambio (non aprobado polo departamento) no contido do repertorio a interpretar na parte do concerto público ou plaxio no traballo académico, poderá ser valorado xustificadamente polo membro do tribunal que o considere, con unha cualificación de 0 na proba correspondente.
7. Para calquera das dúas partes do TFE o examinando poderá utilizar o material que considere oportuno, se ben, terá a obriga de comunicar ó departamento cales son a súas necesidades respecto ó material que necesite con unha antelación de, polo menos, dez días antes da realización da primeira das probas.
8. A realización de ambas probas deberá facerse como máximo nun período non superior a dous días consecutivos.